

Convocatoria de ayudas para favorecer o uso do deporte como instrumento de intervención social

Deporte solidario

Bases

FUNDACIÓN EMALCSA

A Fundación Emalcsa ten entre os seus fins fundacionais a promoción, o desenvolvemento e o fomento do deporte (art. 6 b). Así mesmo, dentro do seus fins específicos encóntranse:

- A promoción da igualdade de oportunidades e da integración social e laboral da poboación en xeral e especialmente das persoas e colectivos que poidan sufrir discriminación ou dificultade para a súa plena integración social por razón de idade, de déficits de formación, de diversidade funcional ou discapacidade, de padecer adiccións, ou de calquera outra causa (art. 7, a.1.1).
- O fomento do deporte de base e dos valores sociais asociados á práctica deportiva, tales como o traballo en equipo, o esforzo e afán de superación, o respecto polas regras e o xogo limpo, os hábitos saudables en alimentación e a prevención e rexeitamento ao uso de substancias prohibidas ou perigosas para a saúde etc. (art. 7, a.2.1).

Tendo en conta estes fins e que a actividade física e o deporte, máis alén dos beneficios da aprendizaxe e práctica deportiva en si mesmos, ofrecen oportunidades únicas para a promoción e transmisión de valores, para a integración e a cohesión social, a Fundación EMALCSA realiza unha convocatoria de axudas para favorecer o uso do **deporte** como instrumento de intervención e transformación social.

A convocatoria está dirixida a apoiar entidades deportivas que presenten proxectos específicos, dentro da súa programación de actividades anual, especialmente deseñado e cunha metodoloxía axeitada, dentro dalgunha das liñas de actuación previstas nesta convocatoria.

1.- Tipoloxía de proxectos

Os proxectos presentados nesta convocatoria deberán estar integrados dentro da programación anual da entidade ou entidades solicitantes. Para garantir a consecución dos obxectivos de desenvolvemento persoal, integración e transformación social, aos que pretende contribuír esta convocatoria, deben contar cunha planificación e metodoloxía específica. Os proxectos presentados, máximo 3 proxectos por entidade, terán unha duración máxima de doce meses e han de estar incluídos nunha destas tipoloxías:

1.1 Xénero e actividade física

Aínda que nas últimas décadas se avanzou de forma substancial, o colectivo feminino aínda está en situación de desvantaxe a respecto da súa implicación en actividades físicas e deporte, o tipo de práctica física segue moi condicionado por estereotipos de xénero e o soporte social que reciben é menor. Por esta razón, dentro desta categoría inclúense intervencións destinadas a incrementar a práctica de actividades físico-deportivas de nenas e rapazas co apoio adecuado, tendo en conta a transmisión igualitaria de valores e actitudes en relación a estas, libres de estereotipos de xénero.

1.2 Educación en valores

O deporte pode ser un gran medio para traballar valores de desenvolvemento persoal e social. O respecto, a tolerancia, a escoita, a integración, o traballo en equipo, a responsabilidade, disciplina, esforzo, cooperación, a coeducación... son valores que, adecuadamente traballados no marco da actividade física, poden ser transferidos á realidade persoal dos participantes para favorecer o fomento de hábitos de vida saudables, unha correcta utilización do tempo de ocio, a prevención de situacións de conflito social e a solidariedade, entre outros.

Valoraranse especialmente aquelas iniciativas que contemplan o traballo conxunto con nenos/as, adolescentes e as súas familias.

1.3 A participación e integración de nenos/as e mozos/as en situación de desvantaxe social

O interese da rapazada polas actividades físicas propicia que estas sexan un vehículo axeitado para favorecer as accións de inserción. Para isto é esencial que as experiencias fomenten e teñan en conta as demandas e gustos deportivos dos propios nenos, para asegurar a adaptación ás súas necesidades e a súa motivación.

Nesta sección incluíranse iniciativas en que se traballen necesidades que poidan presentar estes rapaces e rapazas que dificulten o seu desenvolvemento persoal e a súa integración social. A modo de exemplo: na área escolar (motivación, falta de atención, falta de hábitos de estudo, retraso escolar e absentismo), na área persoal e social (autoestima, problemas de conduta e hábitos de ocio pouco saudables) e na área familiar (problemas de comunicación, convivencia etc.).

1.4 Atención á diversidade: participación e integración

A participación en actividades deportivas normalizadas de persoas con necesidades específicas de soporte pode contribuír a un maior entendemento e aceptación da discapacidade e a unha maior conciencia social e respecto á diversidade.

1.5 A participación das entidades deportivas en actividades solidarias

Mediante a práctica deportiva as entidades dispoñen dunha grande oportunidade para o desenvolvemento de accións solidarias en beneficio de persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade, tanto para xerar conciencia e sensibilizar como para captar recursos ou fomentar o voluntariado.

Así mesmo, dentro desta categoría poderanse contemplar programas destinados a proporcionar asesoramento e soporte técnico a entidades sociais no desenvolvemento dos seus programas de práctica deportiva.

2.- Requisitos das entidades solicitantes

Á parte do sinalado no punto introdutorio da presente convocatoria, poderán concorrer a esta convocatoria as entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- Que sexan privadas e sen fin de lucro.
- Que estean legalmente constituídas.
- Que estean inscritas no rexistro de entidades deportivas da Xunta de Galicia.
- Que teñan sede social ou delegación no termo municipal da Coruña.
- Que se encontren ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social, de ser o caso.
- Que estean ao corrente das obrigas establecidas en convocatorias anteriores do Concello da Coruña, no momento de concesión da axuda.
- Que cumpran os restantes requisitos esixidos pola Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

3.- Valoración

3.1. Valoración da entidade. Ata 30 puntos

Para proceder á valoración das entidades solicitantes terase en conta:

- A experiencia demostrada pola entidade na xestión de actividades deportivas.
- A capacidade organizativa e institucional da entidade.
- Que a entidade dispoña de estrutura e medios que aseguren a viabilidade de execución do proxecto presentado.
- Que a entidade conte con recursos propios ou de outras entidades, adicionais aos solicitados á Fundación Emalcsa.
- A participación da entidade promotora na Organización de eventos dentro dos diferentes programas municipais (Festas do Rosario, Programa de Nadal,

Programa de Primavera, Programa de Verán, Teresa Herrera, Cidade da Coruña, Xogos Escolares, Día do Deporte na Rúa, programa de animación durante as grandes carreiras populares...) nos últimos tres anos.

3.2. Valoración da actividade de fomento do deporte base. Ata 20 puntos

Para proceder á dita valoración terase en conta, preferentemente:

- A experiencia en actividades de fomento do deporte base.
- Actividades/proxectos realizadas para o fomento do deporte base.
- Número de licenzas ata categoría xuvenil/ júnior.
- Número de equipos ata categoría xuvenil/júnior.
- Número e cualificación dos técnicos deportivos titulados da entidade, vinculado con accións de fomento do deporte base.

3.3 Valoración do/s proxecto/s social/is. Ata 50 puntos

Para proceder á dita valoración terase en conta, preferentemente:

- A experiencia demostrada pola entidade na xestión de actividades deportivas que vinculen deporte e solidariedade ou intervención social.
- A utilidade social, a oportunidade do/s proxecto/s formulado/s e o axuste ás necesidades do colectivo ao que vai destinado.
- A participación en proxecto/s de organizacións especializadas na atención de colectivos destinatarios do/s proxecto/s social/is.
- A formulación de resultados claros e realistas; a coherencia entre resultados agardados e a problemática que se pretende resolver.
- A coherencia entre os resultados esperados e as actividades previstas para alcanzalos.
- A inclusión dun calendario detallado de actuacións e fases de execución.
- A definición dun orzamento detallado e coherente co obxectivo do/s proxecto/s, cunha relación equilibrada entre os medios utilizados e os resultados agardados.
- O establecemento, a priori, dos criterios de avaliación do/s proxecto/os, con obxectivos medibles, incorporando para isto indicadores.
- O equilibrio entre o importe da cantidade solicitada e o orzamento anual xestionado pola entidade.
- A sostibilidade do/s proxecto/os, unha vez terminada a colaboración da Fundación Emalcsa.
- A integración do/s proxecto/s na actividade ordinaria do centro dándolle continuidade durante todo o ano.
- A difusión prevista do/s proxecto/s ante a opinión pública, de cara á sensibilización da sociedade.

4.- Ámbito de realización do/s proxecto/s

O ámbito de realización do/s proxecto/s será o termo municipal da Coruña.

5.- Condicións de financiamento

A solicitude á Fundación Emalcsa non poderá exceder de 20 000 euros. Poderase solicitar subvención para un ou varios proxectos nunha única solicitude. Neste suposto, detallarase cada proxecto de maneira independente e por orde preferente (cubrir por cada proxecto a sección terceira do formulario, III- Proxecto social). A Fundación Emalcsa poderá optar por un ou varios deles. De ningún modo o conxunto de solicitudes para os diferentes proxectos poderá exceder a cantidade de 20 000 euros.

A achega da Fundación Emalcsa non está limitada a unha porcentaxe máxima do custo do ou dos proxectos, aínda que se valorará a achega que realice a entidade solicitante.

Financiaranse tanto gastos relacionados co fomento do deporte base, como os proxectos específicos que se adecúen á tipoloxía establecida na convocatoria. Para isto, como mínimo un 50 % do importe total han de ser gastos directamente imputables ao ou aos proxectos sociais específicos presentados a esta convocatoria e un máximo do 50 %, poderán ser gastos relacionados coa actividade ordinaria da entidade deportiva, vinculada ao fomento do deporte base.

Considéranse gastos elixibles aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza de proxecto social ou ao fomento do deporte base (ata categoría xuvenil/júnior), como: gastos do persoal directamente afectado (técnicos, deportistas, médicos e outros), equipamento deportivo, desprazamentos (viaxes, aloxamentos e manutención), gastos de actividade federativa (licenzas, arbitrxes, canons ou cotas de participación) ou gastos xerais (máximo 10 % do importe destinado a fomento do deporte base). En calquera caso, debe acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto que este está directamente relacionado coa actividade. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os recursos achegados por outras institucións, entidades ou pola propia entidade solicitante deberán ser documentados fidedignamente. Se non fose posible efectuar a dita xustificación ao presentar a solicitude, a posible concesión quedará condicionada á súa presentación.

A obtención co posterioridade á concesión da axuda por parte da Fundación Emalcsa de outras axudas para o proxecto procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, comunicarase de inmediato por escrito á Fundación Emalcsa, especificando a contía e o destino que se dará aos ditos fondos dentro do proxecto.

6.- Prazo e presentación dos proxectos

As entidades deberán dirixir as súas solicitudes persoalmente, por mensaxería ou por correo postal certificado anexando unha copia impresa dos documentos relacionados na sección 8 das bases a:

FUNDACIÓN EMALCSA

Convocatoria de Axudas Deporte Solidario 2013

Dirección: R/ Manuel Murguía. Edificio Casa da Auga
s/n Planta 7ª. 15011 A Coruña

Tel.: 981 154 080, **Fax:** 981 902 322

O prazo de presentación dos proxectos finalizará o 28 de outubro de 2013 ás 13 horas. De se enviar por correo certificado, aceptaranse as solicitudes cuxa data e hora de envío non sexa posterior á de finalización da convocatoria.

Así mesmo, deberase presentar o formulario de solicitude en formato electrónico, no enderezo secretaria@fundacionemalcsa.es

A presentación a esta convocatoria presupón a plena aceptación das súas bases.

7.- Documentación para presentar coa solicitude

- Instancia de solicitude de colaboración segundo o modelo establecido pola Fundación Emalcsa.
- Formulario de presentación de proxectos segundo o modelo establecido e, de ser o caso, anexos pertinentes.
- Memoria do último exercicio da entidade.
- Balance e conta de resultados normalizados (adaptados ao Plan Xeral Contable) do ano 2012.
- Certificado federativo de licenzas deportivas da entidade.
- Número no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC). No suposto de non estar debidamente inscritos en REMAC, deberá de achegar a seguinte documentación relativa á entidade a súa representante:
 - o Estatutos polos que se rexe a entidade e CIF (fotocopia compulsada).
 - o Certificación acreditativa dos cargos representativos e do domicilio social.
 - o Fotocopia compulsada do NIF do representante legal da entidade.
 - o Certificación dos datos bancarios da entidade (orixinal expedido pola entidade bancaria).
 - o Certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social, no seu caso.

A Fundación Emalcsa garante a confidencialidade da documentación achegada polas entidades solicitantes.

Aquelas solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido, que non se axusten ás bases, que presenten carencias na documentación a incluír ou cuxo formulario de solicitude non tivese sido cuberto en todas as súas seccións, quedarán excluídas da presente convocatoria.

8.- Resolución da convocatoria

Os proxectos recibidos dentro do prazo e que cumpran os requisitos establecidos serán avaliados por un Comité Técnico que elevará a súa proposta ao órgano competente da Fundación Emalcsa, que adoptará a correspondente resolución.

O Comité Técnico poderá reunirse, de o estimar oportuno, con representantes da entidade solicitante, ou ben recadar dela información adicional sobre o/s proxecto/s ou a organización.

O Comité Técnico valorará a adaptación dos proxectos aos criterios establecidos nestas bases e realizará as súas propostas entre aqueles que considere de maior interese.

Os proxectos poderán ser considerados na súa totalidade ou para unha parte da axuda solicitada. Neste último caso, para considerar firme a concesión, a entidade deberá presentar xustificación do financiamento complementario ou presentar unha reformulación para adaptar o alcance do proxecto.

A resolución das solicitudes terá carácter irrevogable e será publicada na web www.fundacionemalcsa.es. Todas as entidades presentadas recibirán comunicación por escrito da resolución da convocatoria.

Non se devolverá a documentación dos proxectos non seleccionados, que será destruída.

9.- Formalización da colaboración

A colaboración formalizarase mediante a sinatura dun convenio entre a Fundación Emalcsa e cada unha das entidades cuxos proxectos fosen seleccionados. Os dereitos e obrigas que contraian as partes quedarán reflectidos no dito convenio que incluírá, entre outros, os seguintes puntos:

- O importe da axuda concedida
- O prazo de execución do/s proxecto/s
- A forma de pagamento
- A xustificación do gasto

- Os mecanismos de seguimento e avaliación do proxecto, así como a presentación de informes

A realización dos proxectos e a súa titularidade serán de exclusiva responsabilidade da entidade beneficiaria da axuda.

10.- Forma de pagamento

A Fundación Emalcsa realizará o abono da cantidade concedida nun único pagamento, nun prazo máximo de un mes desde a firma do convenio de colaboración referido no punto anterior, nunha conta bancaria da entidade.

11.- Información a facilitar á Fundación Emalcsa

Modificacións do/s proxecto/s

As entidades que recibisen axudas no marco desta convocatoria quedan obrigadas a comunicar calquera eventualidade que altere ou dificulte gravemente o desenvolvemento do/s proxecto/s aprobado/s. Precisarase a autorización previa e expresa da Fundación Emalcsa para calquera modificación substancial dun proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, aos/ás beneficiarios/as, ao lugar ou ao prazo de execución ata catro meses ou a diferenzas de ata un 20 % nas partidas contempladas no orzamento.

As solicitudes de modificacións substanciais do proxecto deberán estar suficientemente motivadas e deberán formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que as xustifiquen. No prazo máximo de un mes desde a solicitude de modificación, enviarase á entidade a correspondente autorización ou denegación.

No suposto de modificacións non incluídas nas categorías descritas anteriormente, bastará coa súa comunicación no informe final.

Informe final

Nun prazo máximo de dous meses desde a finalización do proxecto, a entidade responsable deberá presentar un informe final descritivo das actuacións e de xustificación do gasto, segundo o modelo que facilitará a Fundación Emalcsa.

Nos informes finais incluírase toda a información técnica e económica do proxecto no seu conxunto.

A xustificación dos gastos realizarase mediante a achega do listado de xustificantes de gasto, segundo o modelo que se facilitará. Desde o momento da presentación do informe disporase á Fundación Emalcsa de orixinais cun selo identificador do/s proxecto/s e da entidade, na sede da entidade.

Non se admitirán xustificantes de gasto con data anterior ao inicio do proxecto.

A Fundación Emalcsa comunicará formalmente nun prazo de catro meses tras a recepción do informe final a aprobación ou non, no seu caso, do dito informe. A devandita aprobación dará lugar á extinción do convenio, sen prexuízo dos resultados que poidan producir as auditorías externas. Se non se recibise o escrito de aprobación do informe final no prazo máximo de catro meses, considerarase extinguido o convenio.

Seguimento e control por parte da Fundación Emalcsa

A Fundación Emalcsa, ben directamente ou ben a través da subcontratación de terceiros procederá ao exame dos informes finais das entidades. A Fundación Emalcsa poderá recadar información complementaria, solicitar a presentación de documentos acreditativos do gasto ou realizar avaliacións *in situ* dos proxectos aprobados.

As entidades beneficiarias deberán someterse ás actuacións de comprobación que sobre os proxectos leven a cabo a Fundación Emalcsa ou as entidades ou persoas ás que esta poida subcontratar o seguimento, así como a cantas outras comprobacións se efectúen ao abeiro das presentes bases.

12.- Incumprimento

As entidades beneficiarias das axudas comprométese ao reintegro das cantidades recibidas nas seguintes situacións:

- Incumprimento da obriga de presentar informes das actuacións realizadas e de xustificar o gasto.
- Incumprimento de obxectivos para os que a colaboración foi concedida.
- Supostos en que os gastos non se levasen a cabo por calquera causa ou se modificasen substancialmente os proxectos sen autorización expresa da Fundación Emalcsa.
- Inobservancia de calquera outra condición imposta con motivo da concesión da colaboración.
- Obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas para isto.

A Fundación Emalcsa, por si mesma ou os seus servizos de auditoría, poderán solicitar, no prazo de dous anos a contar desde a resolución da presente convocatoria, canta información técnica e financeira estimen oportuna para proceder á verificación ou control da execución do/s proxecto/s e dos seus resultados.

O incumprimento de calquera condición establecida con motivo da concesión da axuda terá, ademais, como efecto inmediato a imposibilidade de obter colaboración económica da Fundación Emalcsa en posteriores convocatorias.

13.- Publicidad

As organizacións beneficiarias de axudas a través desta convocatoria deberán facer constar en toda a documentación, información e publicidade que realicen da actividade de fomento do deporte base, así como do proxecto social, a colaboración da Fundación Emalcsa, de acordo cos formatos facilitados por ela.

A título enunciativo, sen prexuízo de outras posibilidades, farase constar en:

- Equipamento deportivo
- Portada de programas, folletos e carteis que se editen
- Medios de comunicación nos que se faga mención do/s proxecto/s subvencionado/s
- Notas e roldas de prensa
- Pancartas ou bandeirolas

A entidade seleccionada entregará en formato electrónico, anexo xunto co informe final do/s proxecto/s, toda a publicidade vinculada a eles.

14.- Información e consultas

Teléfono de consultas: **981 186 510**

Enderezo electrónico: secretaria@fundacionemalcsa.es